

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS [AGADIC] E O AUDITORIO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS RELATIVAS A ACTIVIDADES CULTURAIS.

Santiago de Compostela,

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).


E doutra, **Martíño Noriega Sánchez**, Alcalde de Santiago de Compostela e Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia (en adiante Auditorio), con CIF Q1500340C, con sede na Avda. Burgo das Nacións, s/n. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **Axencia Galega das Industrias Culturais** [AGADIC], creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1. 2 da citada Lei. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).





SEGUNDO.- Que o **Auditorio de Galicia** ten encomendada por parte do Concello de Santiago a xestión da área de cultura, e ten como finalidade a programación de actividades culturais, artísticas, recreativas de ámbito local, galego, español ou internacional, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, tales como as Xornadas de Música Contemporánea, Festival *Cineuropa*, e exhibición de obras teatrais. O Auditorio dedica unha parte importante da súa programación ao apartado teatral, musical e audiovisual contribuíndo deste xeito claramente á potenciación e recoñecemento do eido cultural e favorecendo o encontro entre profesionais de diferentes ámbitos da cultura.

TERCEIRO.- Que a Agadic e o Auditorio queren realizar colaboracións nos ámbitos da súa competencia e consideran oportuno o establecemento dun marco legal que recoñeza, facilite e axilice dun xeito global estas accións conxuntas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, é polo que se procede a asinar o presente protocolo de colaboración entre as partes, nos seguintes termos e segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente protocolo establécense as bases de colaboración entre o Auditorio de Galicia e a Agadic para a realización de actuacións conxuntas en apoio da participación cultural e a creación e difusión artística, facilitando o acceso da cidadanía ás mesmas.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES


A Agadic asume os seguintes compromisos para aquelas actividades obxecto deste protocolo que acordan as partes:

- A cesión de uso das instalacións xestionadas desde o Centro Dramático Galego e o Salón Teatro coa súa infraestrutura habitual.
- O apoio puntual, con recursos técnicos, aos eventos promovidos polo Auditorio.
- O apoio técnico para a construción de elementos escenográficos nas instalacións da Agadic no polígono de Costa Vella.
- A coorganización puntual de eventos no ámbito das súas competencias.
- O emprego das súas canles propias de difusión e publicidade.
- A venda na súa billeteira de localidades da outra entidade.
- A reserva de catro invitacións por evento.
- A mención expresa da colaboración mutua naquelas actividades obxecto deste protocolo que acordan as partes.

A Agadic asume estes compromisos previa dispoñibilidade e acordo das partes.

En ningún caso, esta colaboración suporá compromisos de gastos para a Agadic.





O Auditorio asume os seguintes compromisos para aquelas actividades obxecto deste protocolo que acordan as partes:

- A cesión de uso das instalacións dependentes do Auditorio de Galicia coa súa infraestrutura habitual.
- O apoio puntual, con recursos técnicos, dos eventos promovidos pola Agadic.
- A coorganización puntual de eventos no ámbito das súas competencias.
- O emprego das súas canles propias de difusión e publicidade.
- A venda na súa billeteira de localidades da outra entidade.
- A reserva de catro invitacións por evento.
- A facer mención expresa da colaboración mutua naquelas actividades obxecto deste protocolo que acordan as partes.

O Auditorio asume estes compromisos previa dispoñibilidade e acordo das partes.

En ningún caso, esta colaboración suporá compromisos de gasto para o Auditorio.

TERCEIRA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do protocolo de colaboración estableceuse unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste protocolo de colaboración.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte do Auditorio actuará como representante o director – xerente, ou persoa en quen delegue.

CUARTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste protocolo de colaboración non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas na Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das actividades de colaboración.

QUINTA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente protocolo de colaboración en calquera momento por acordo mutuo.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente protocolo por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO PROTOCOLO

O presente protocolo terá unha vixencia de un ano a contar dende a data da súa sinatura.

OITAVA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste protocolo á xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asina este documento no lugar arriba indicado.

POLA AGADIC
Jacobo Sutil Nesta

POLO AUDITORIO
Martíño Noriega Sánchez

Director da Agadic
(P.D. do 24 de xullo de 2012)

Alcalde de Santiago de Compostela
Presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia

